

Disposición derogatoria única. Derogación normativa

1. Queda derogada a Orde do 30 de xullo de 2007 pola que se regulan os programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria.
2. Queda derogada a Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Queda derogada a Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
4. Queda derogada a Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato, en todo o que se refira á educación secundaria obrigatoria.
5. Queda derogada a Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, en todo o que se refira á etapa de educación secundaria obrigatoria.
6. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde.

Disposición derradeira primeira.

Modificación do artigo 59 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación

1. Modifícase a letra a) do número 3 do artigo 59 da Orde do 8 de setembro de 2021, que queda redactada nos seguintes termos:

«a) As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado interesado presentarán unha solicitude de participación na proba extraordinaria de avaliación do primeiro curso de bacharelato, para a posible flexibilización, ante a dirección do centro docente onde foi admitido ou, de non ser o caso, no centro solicitado en primeira opción no proceso de admisión para cursar estudos de bacharelato, dentro do prazo dos cinco días hábiles primeiros do mes de xuño, e achegarán a documentación que xustifique os seguintes requisitos:

1º. Acreditación, polos servizos de orientación dependentes da Administración educativa, como alumnado con altas capacidades intelectuais.

2º. Certificación, da directora ou do director do centro, en que conste unha nota media igual ou superior a nove puntos obtida na segunda avaliación parcial.

b) A directora ou o director do centro que reciba a solicitude autorizará a realización da proba extraordinaria de avaliación se cumpre os requisitos indicados no punto anterior».

2. Modifícase a letra a) do número 4 do artigo 59 da Orde do 8 de setembro de 2021, que queda redactada nos seguintes termos:

«a) As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado autorizado á realización da proba a que se refire o punto anterior que cumpra os criterios de promoción ao segundo curso de bacharelato e acredite unha nota media do cuarto curso da educación secundaria obrigatoria igual ou superior a nove puntos poderán presentar unha solicitude de flexibilización ante a dirección do centro docente en que realizaron as probas, dentro dos dous días hábiles seguintes á celebración das sesións de avaliación extraordinaria de bacharelato e da avaliación final de educación secundaria obrigatoria».